



**ESTIMACIÓN DE  
TRABALLOS E  
GASTOS A REALIZAR  
NUNHA  
PLANTACIÓN DE  
SABUGUEIRO**

INDICE	Pag.
A. FERTILIZACIÓN E MANTEMENTO DO SOLO	2
B. PODA	5
C. CONTROL FITOSANITARIO	6

## A. FERTILIZACIÓN E MANTEMENTO DO SOLO.

- a) **Encalado.** Con carencia bianual deberase realizar un control da acidez do solo mediante a realización dunha analítica de solo. En base a dita analítica deberase realizar se cabe unha corrección de encalado, pese a que a cantidade e pereodicidade dependerá dos valores arroitados pola mencionada analítica en termos xerais poderíamos aventurar a necesidade de incorporar 500 kg/ha de caliza magnesiana no prazo de tres anos. A medida que a plantación se faga máis adulta e o solo se atope estabilizado nos valores requeridos a periodicidade de encalado aumentará ós cinco anos.

Encalado (trianual).			
Caliza magnesiana	500 kg/ha	0.085 €/kg	42.5 €
Labor de encalado (h maquinaria)	1 h	60 €/h	60 €

- b) **Fertilización.** Habida conta da necesidade de contar na plantación cun nivel axeitado de materia orgánica ademáis de suplir os requerimentos a nivel de nutrición das plantas farase necesario realizar operacións de fertilización. Do mesmo xeito que no punto anterior a periodicidade de ditas operacións virán marcadas pola realización de análíticas de solo. En termos xerais marcarase a necesidade de abonar alo menos cada dous anos durante os primeiros 10 anos de cultivo, a partir desa fecha as operacións de fertilización seguramente se espaciarán e mesmo poderíase estudar a posibilidade de establecer algún cultivo fixado de nitróxeno a base de leguminosas baixo as árbores para asegurar o aporte de nitróxeno sen influir moito na estrutura do solo.

Abonado (bianual).			
Abono orgánico	10 Tn	30 €/Tn	300 €
Labor de abonado (h maquinaria)	1 h	60 €/h	60 €

- c) **Reposición de marras.** Estimarase nun 10% anual durante os tres primeiros anos a necesidade de reposición das plantas que non foron capaz de enraizar.

Reposición de marras.			
Reposición manual	10 h	8 €/h	80 €

- d) **Conservación da cuberta vexetal.** Farase necesario realizar a labores de control da vexetación nas canles entre liñas para evitar que a flora arvense entre en competencia co cultivo, ademáis a existencia dunha cuberta vexetal mal manexada podería causar unha maior incidencia de enfermidades.

Para a realización destas labores poderíanse considerar tres opcións:

1. Arar de xeito habitual entre as canles, esta opción ademáis de causar problemas no correcto enraizamento das prantas podería ocasionar a aparición de problemas por compactación do terreo e perda da correcta estrutura do mesmo.
2. Desbroces habituais, consistiría en manter controlada a flora arvense mediante desbrozaces mecanizados entre liñas e manuais ó redor dos troncos; sería unha opción a considerar pero considérase unha opción cara atendendo a man de obra precisa para a realización dos desbroces manuais.
3. Desbroce combinado con creación dun mulchin nas liñas de plantación, consistiría en desbrozar o centro das canles de plantación, mentres que nas liñas se formaría arredor dos troncos unha cobertura vexetal empregando produtos máis ou menos estabilizados que por un lado eviten en certa medida o crecemento descontrolado da herba pero que permitan a aireación do espazo arredor do cultivo. Considerando que a Limia é unha forte zoa cerealista o emprego de palla de trigo ou centeo ó modo de mulching plantéxase como unha opción óptima.

Conservación da cuberta vexetal			
Desbroces Das canles	4 /ano	90 € /desbroce	360 €
Palla	300 pacas	1.5 /h€/paca	450 €
Colocación do Mulching	40 h	8 €	320 €

*Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro. Instituto Ourenzano de Desenvolvemento Económico. Exma Deputación Provincial de Ourense.*

*Explanada pavillon deportes s/n. 32630 Xinzo de Limia. Ourense  
Telf.: 988317946. Fax:988317947. centroagrogandeiro@gmail.com*

## B. PODA.

A hora de conseguir unha explotación rendible é necesario realizar sobre as prantas novas unha serie de actuacións encamiñadas a dotar ás prantas dunha estrutura productiva correcta, é dicir árbores ben formadas e que aproveiten o terreo do mellor xeito posible.

A labor fundamental para acadar tal fin será a poda.

Ó falar de poda consideraremos dous tipos, unha poda de formación nos primeiros anos da plantación, e unha poda de conservación cando as prantas acaden o tamaño requerido, loxicamente o maior custe en horas de traballo será a primeira delas.

Entenderemos logo por poda de formación as labores de:

- Eliminación de chupóns.
- Eliminación de agromadas baixas.
- Elección de varas para a elevación da árbore.
- Formación de copa.
- Eliminación de ramas duplicadas ou enerxeticamente ineficaces.

A poda de conservación limitarase a por un lado eliminar todas aquelas ramas en mal estado ou non productivas, ademais de evitar que a árbore se faga inmanexable en atención o seu tamaño.

Poda			
Poda de formación ata o 8º ano aprox.	De 8 a 40 h (segundo a idade das plantas)	8€ /h	De 64 a 320 €
Poda de conservación a partir do 8º ano	20 h	8 €/h	160 €.

### **C. CONTROL FITOSANITARIO**

É difícil establecer a principio de ciclo de cultivo as necesidades en relación ós produtos fitosanitarios que éste vai requirir, en especial cando falamos dun cultivo aínda non moi estudado tal e como e o caso do Sabugueiro.

Se nos fixamos nos exemplares silvestres existentes veremos que estes practicamente non se ven afectados de xeito grave por pragas ou enfermidades, sen embargo debemos considerar que cando falamos dunha plantación os riscos de aparición de pragas e enfermidades veranse multiplicados de xeito exponencial o contar con moitos exemplares xuntos.

Así pois o que se expón na táboa que segue será unha idea dos tratamentos que se poden facer necesarios cando as árbores entre en produción.

Indicar, sen prexuízo do anterior que os tratamentos indicados só se aplicaran ante a presenza de danos no cultivo, nunca por calendario.

O número de tratamento poderá diminuír ou aumentar segundo as dinámicas das distintas pragas e as condicións meteorolóxicas.

Así pois con carácter xeral consideraremos os seguintes tratamentos anuais.

Tipo	Materia activa	Razón aplicación	Momento aplicación	Dose	Precio unitario	Nº tratamentos	Total
<b>Funxicida</b>	Caldo bordeles	Desifección fortalecemento do tronco	feridas, <b>Logo da Poda</b>	3.5 kg/ha	17,5€	1	17.5 €
<b>Funxicida</b>	Caldo bordeles	Control de enfermidades funxicas	<b>Cando se detecten manchas en folla que fagan pensar a presencia de fungos</b>	3.5 kg/ha	17,5 €	1 a 3	De 17,5 a 52,5 €
<b>Funxicida</b>	Xofre	Control de oidio	<b>Presencia do fungo</b>	20 kg/ha	14,0 €	1	14 €
<b>Acaricida</b>	Xofre	Control de ácaros	<b>Presencia de danos en follas</b>	20 kg/ha	14,0 €	1	14 €
<b>Insecticida</b>	Xabón potásico	Control de pulgóns	<b>Presencia de pulgón en follas</b>	10 l/ha	50 €	4	200 €.
<b>Insecticida</b>	Piretrinas naturais	Control de coleópteros, lepidopteros	<b>Presencia de dano en follas</b>	0.5 l/ha	30 €	2	60 €
<b>Insecticida</b>	Bacillus Thuringiensis	Insecticida general	<b>Presencia de dano en follas</b>	0,5 kg/ha	30 €	1	30 €